



INSTRUCCIÓN DO 28 DE OUTUBRO DE 2014 QUE
COMPLEMENTA A INSTRUCCIÓN DE 3 DE OUTUBRO
POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE
CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE
2014, RELATIVO ÁS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA: PROGRAMA DE
CONSOLIDACIÓN (CONVOCATORIAS 2012, 2013 E
2014)

Como consecuencia da publicación da Orde do 24 de outubro de 2014 (DOG do 27) da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria pola que se modifica a Orde do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2014, cómpre, en relación exclusivamente coa xustificación da anualidade 2014 das axudas outorgadas no marco da convocatoria 2014 do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG, fixar as seguintes indicacións,

Punto 1: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2014 para a convocatoria de programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas (CONS).

Punto 2: Que a data límite para que os investigadores entreguen as facturas nas unidades de asuntos económicos dos centros é o 21 de novembro de 2014.

Punto 3: Que a aplicación contable xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 28 de novembro.

Punto 4: Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 28 de novembro de 2014 ata as 14h00, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

Punto 5: Que para proceder á correcta xustificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do **31 de outubro de 2014**. Toda contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo.

En Vigo, 28 de outubro de 2014

O Xerente,



Manuel Fernández Jauregui

A Vicerreitora de Investigación e Transferencia



Asunción Longo González

Sra. Vicerreitora de investigación e transferencia

Sr. Vixexerente de Recursos humanos

Sr. Xefe do servizo de control interno

Sr. Xefe do servizo do persoal docente e investigador

Sra. Xefa do servizo de retribucións e seguros sociais

Sra. Xefa do servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría

Sr. Xefe do servizo de apoio á investigación e ao desenvolvemento

Srs. / Sras. Administradores/as de centros (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)

Sr. Xefe da sección de tesouraría

Sra. Xefa da sección de proxectos de investigación

Sres. / Sras. Responsables de asuntos económicos dos centros (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)